

O reto da profesionalización das educadoras e educadores ambientais

Susana Soto Fernández

Educadora ambiental. Coordinadora do Grupo de Traballo de Dignificación Profesional. Vicepresidenta da Sociedade Galega de Educación Ambiental-SGEA. (Galicia-España)

*“A unión no rabaño obriga o león a se deitar con fame”
Proverbio africano*

Cando me piden que escriba da profesionalización das e dos educadores ambientais, a miña primeira sensación é a de estrañeza polo infrecuente, a miña, porque habitualmente adoito a me sentar como asistente nas actividades de formación ou a ler o que outros e outras escriben, e creo que esta é tamén unha das cuestións relevantes á hora de analizar a problemática da profesionalización deste colectivo.

O habitual é que os relatores (xeralmente “os”, poucas veces “as”) sexan as e os teóricos da Educación Ambiental (EA), as persoas que perciben o seu salario polo seu traballo nas administracións públicas, os docentes en universidades e no ensino medio, os cargos políticos, os técnicos etc.

Outra realidade habitual é que por falar da EA se cobra moito máis que por facer EA. Nos seminarios, os relatores e as relatoras cobran unha cantidade que, comparada co que adoita cobrar un educador ou unha educadora ambiental en Galicia por unha xornada de traballo completa, é moito superior.

Un feito contrastado en diferentes reunións e intercambios entre educadores e educadoras ambientais de todo o Estado é que os orzamentos que se destinan á EA en Galicia son a metade, ou mesmo un terzo, dos doutras comunidades como Cataluña, Andalucía, Murcia, Valencia, Euskadi, Navarra...

Para sermos xustos e xustas, aínda hai comunidades que dispoñen de orzamentos menores que os galegos, como é o caso de Estremadura, mais isto non debería ser un motivo de orgullo para ningún.

Resulta un pouco duro, probablemente, iniciar este relatorio falando de diñeiro, mais é moi difícil teorizar sobre calquera tema cando non se teñen aseguradas as lentellas. Quizais por iso é pouco habitual achar nestes foros as persoas que vivimos ou que intentamos vivir directamente da práctica da EA, porque a nosa prioridade é procurarnos o sustento e cubrir as nosas necesidades básicas, e necesariamente temos que relegar a un segundo ou a un terceiro lugar o deseño de liñas estratéxicas, situarnos epistemoloxicamente, crear e situar presuntos novos paradigmas, participar en intercambios teóricos e, nin sequera, compartir as nosas inquietudes e os nosos problemas cos nosos compañeiros e compañeiras. Se a nosa práctica profesional intenta ser, ademais, ética, coherente e consecuente cos principios e cos valores que defende a EA, este intento de se asegurar o sustento dificultase aínda máis, se cabe.

Quen é un educador ou unha educadora ambiental?

Cando falamos de EA consideramos de forma xeral calquera dos ámbitos en que se desenvolve (formal, non formal e informal) e, por tanto, consideramos educadores ambientais todas as persoas cuxo labor ou cuxas actividades, ou a maior parte delas, se realizan no ámbito de calquera destas áreas, xa foren remuneradas ou non.

Mais un educador ou unha educadora ambiental profesional non é calquera persoa que traballe no ámbito da EA.

De quen estamos a falar, entón, cando formulamos a problemática profesional dos educadores e das educadoras ambientais?

Segundo o *Diccionario da Real Academia*, unha profesión é: “un emprego, facultade ou oficio que alguén exerce e polo que percibe unha retribución; profesionalizar consiste en «dar carácter de profesión a unha actividade”.

Resérvase a denominación educador ou educadora ambiental, pois, no seu sentido estrito, para aquelas persoas para as que tales actividades constitúen o núcleo da súa práctica profesional remunerada.

Profesionalización. Antecedentes

As referencias á realidade e á situación profesional da EA son dispersas mais constantes desde hai uns 20 anos, en que se constitúen as primeiras empresas e os primeiros e as primeiras "profesionais" da EA. Coincidindo con esa situación, comézanse a crear foros específicos para o debate e para o intercambio de experiencias dos e das profesionais da EA, quer provenientes do ámbito educativo formal quer do non formal.

No ano 1985 créase en Cataluña a primeira asociación de EA (SCEA), a que seguen en períodos sucesivos as de practicamente todo o Estado.

Galicia súmase a este movemento asociativo en 2001, data de constitución da SGEA. Este proceso segue aberto, xa que aínda hai algunhas comunidades que se están a incorporar recentemente a el e, de feito, acábase de constituír a asociación estremeña este mesmo ano.

A necesidade de intercambiar e de compartir experiencias non se limita ao espazo de cada comunidade autónoma e, a medida que empezan a xurdir as diferentes asociacións, empézanse a organizar foros e reunións entre estas a nivel estatal.

En 1999 realízase o I Encontro de Asociacións de EA no CENEAM, que se seguiu mantendo con periodicidade anual desde entón nun lugar diferente do Estado. Nestes encontros comeza a verse gradualmente unha maior presenza e participación dos profesionais da EA. Os educadores ambientais achamos neste foro o marco que nos falta para reivindicar as nosas preocupacións e a nosa situación profesional.

Así mesmo, o tema da profesionalización é tamén, indirectamente, un dos eixes principais de traballo do Seminario de Equipamentos de EA nas súas catro edicións celebradas.

Paralelamente e neste último período de tempo prodúcense unha serie de factores que achegan contidos relevantes ao debate no sector:

- Traballo de investigación tutelado. Doutoramento interuniversitario en Educación Ambiental "Aproximación ao Perfil Socioprofesional dos Educadores e das Educadoras Ambientais en Galicia", Xulio GUTIÉRREZ, 2005
- Contraste externo da cualificación profesional "Interpretación e Sensibilización Ambiental", INCUAL, Ministerio de Educación e Ciencia, 2005
- Estudo da ocupación "educador ambiental", IMEDES Ecoempleo, Ministerio de Traballo, 2005

“Aproximación ao perfil Socioprofesional dos Educadores e das Educadoras Ambientais en Galicia”

TIT. Doutoramento inter-universitario en Educación Ambiental

Este estudo, que sistematiza, organiza e avanza na análise da problemática que deriva da profesionalización dos educadores e das educadoras ambientais, constitúe e débese salientar, sen dúbida, como un paso adiante especialmente relevante para a construción desta casa común profesional que intentamos cimentar. Nos seguintes parágrafos realízase un extracto do referido traballo de doutoramento, que se pode consultar na súa totalidade na web da SGEA.

Este traballo pretende explorar e achegar información sobre a situación socioprofesional do sector e así contribuír a aumentar o coñecemento sobre as condicións en que se realizan as actividades de educación ambiental non formal.

A principal hipótese de que se parte para a realización do traballo, é a descrita na *Estratexia Galega de Educación Ambiental* da Xunta de Galicia no ano 2000 nos seguintes termos: “*A situación laboral dos educadores ambientais no*

ámbito non formal non ofrece, en xeral, condicións dignas en canto a estabilidade, duración, regulación e xornada laboral e remuneración”.

Segundo diferentes autores, calcúlase que, na actualidade, pode haber entre 10 000 e 15 000 educadores e educadoras ambientais en España.

As traxectorias laborais dos educadores ambientais transitan frecuentemente desde a actividade voluntaria en organizacións ou en entidades sen ánimo de lucro á actividade remunerada como profesional, a tempo parcial ou completo, en empresas ou institucións. É un proceso longo que pode abranguer dous ou tres décadas nalgúns casos, sendo as súas protagonistas persoas embarcadas en iniciativas de carácter case sempre local que aplican un inxente caudal de enerxía e de ilusión a un traballo que consideran ineludible.

Non é doado delimitar o paso da actividade totalmente altruísta á actividade completamente profesional. Entre ambos os extremos hai un intervalo que ás veces é de moi longa duración. En tales circunstancias a educación ambiental é máis un campo profesional que unha profesión. Un campo en que os educadores ambientais entran e saen con frecuencia e que simultanean con outros campos profesionais, profesións e ocupacións.

Os principais **obxectivos** deste estudo son:

- Achegar datos relevantes sobre un colectivo profesional sobre o cal aínda non hai en Galicia, nin no resto de España, un estudo en profundidade sobre o seu perfil socioprofesional.
- Detectar os puntos fortes e febles do sector para así contribuír á súa consolidación e á mellora da súa práctica e da súa situación profesional.
- Favorecer o proceso de profesionalización no campo da educación ambiental non formal.
- Facilitar a toma de decisións estratéxicas relativas a aspectos fundamentais sobre os educadores e as educadoras ambientais en Galicia como son a formación continuada e o asociacionismo profesional.

O instrumento de recollida de información foi un cuestionario, que se distribuíu entre o maior número posible de educadores ambientais e unhas entrevistas persoais con algúns deles e delas.

No tratamento dos datos tomáronse como referencia as categorías laborais e acometeuse de forma sistemática a análise dos resultados en función de cinco categorías, mais a medida que a análise foi progresando, fíxose evidente a grande afinidade entre algunhas delas, polo que se procedeu a un novo agrupamento en tres categorías: funcionarios, traballadores por conta propia (autónomos e empresarios) e

traballadores por conta allea (asalariados e parados).

Todas as persoas entrevistadas son de **nacionalidade** española, a maioría son galegas (85%) e só sete proveñen doutras provincias do Estado.

As datas de nacemento esténdense entre o ano 1953, para o entrevistado máis vello, e 1981, para o máis novo. A **idade media** é de 35 anos, mais hai grandes diferenzas entre os grupos.

O **estado civil** varía notablemente segundo os grupos. Entre os funcionarios son maioría os casados/as (79%), mentres que nos demais grupos predominan os solteiros/as (83%).

Tan só 21 dos entrevistados declaran ter **fillos**, o que representa o 22% do total.

O **perfil social** revela un alto grao de compromiso e unha alta implicación no tecido asociativo pois máis da metade dos entrevistados/as (54,16%) participa en dúas ou máis asociacións.

As **simpatías políticas** están moi claramente definidas, pois case o 80% dos entrevistados/as se sitúan en posicións de esquerda ou de centro esquerda, e só algo máis do 8% se define como de centro ou de centro dereita. Ninguén se declara abertamente de dereitas.

O **nivel de formación graduada** do colectivo é alto, case o 80% dos entrevistados posúe unha diplomatura ou unha licenciatura e unha cuarta parte ten, ademais, un doutoramento, un mestrado ou un curso de posgrao. Só sete persoas posúen unha titulación inferior á de COU. A titulación maioritaria é a Licenciatura en Bioloxía (case o 50%), seguida de lonxe por Ciencias da Educación, Maxisterio e Xeografía e Historia.

O **nivel de formación non graduada** tamén é alto. As titulacións máis frecuentes son a de monitor/a de tempo libre (46%), monitor/a de actividades na natureza (26%) e directores/as de campamentos (12%).

Aínda que a grande maioría dos educadores ambientais son titulados superiores, chama a atención que 16 persoas non o sexan. Trátase de persoas que levan moitos anos de percorrido profesional e algúns son pioneiros de recoñecido prestixio que adquiriron a súa formación de forma non graduada, coa práctica e coa reflexión sobre a experiencia propia e allea, tantas veces compartida, en reunións formais e informais de intercambio “horizontal” entre compañeiros de profesión.

A forma máis frecuente de **designar a súa propia actividade profesional** é a de educador ou educadora ambiental (52%) mais case a metade dos entrevistados/as prefere denominacións máis tradicionais

como mestre/a, biólogo/a, profesor/a ou ben outras que definen con maior precisión a súa ocupación profesional, como guía de zoológico, monitor/a ambiental ou intérprete do patrimonio.

A **situación laboral** dos entrevistados/as é moi diversa. Podemos establecer os seguintes grupos:

- Algo máis do 20% son empresarios ou autónomos (14,6% e 6,2% respectivamente). A condición de empresarios debe ser matizada pois son na súa práctica totalidade, socios de pequenas empresas prestadoras de servizos educativo-ambientais a distintas administracións. Moitas destas empresas están inscritas como sociedades cooperativas ou ben figuran en relacións das distintas administracións como entidades de utilidade pública, de apoio á xuventude etc. para así contar con certas vantaxes de carácter fiscal ou de contratación pola administración. As persoas incluídas nestas categorías figuran laboralmente como empresarios ou ben dispoñen de contratos fixos, o que lles outorga certa estabilidade laboral.
- O 52% dos entrevistados pertence á categoría de asalariados, a maioría contratados eventuais polas empresas a que aludiamos no parágrafo anterior ou pola administración local. Neste grupo poderíase incluír o 12,5% restante que

está constituído polas persoas que estaban en paro no momento de cumprir o cuestionario e que forman parte dun colectivo de traballo eventual, que son contratados de forma descontinua polas empresas ou polas administracións para satisfacer as demandas laborais ocasionais. En conxunto estes dous grupos representan a maioría (64,5%) dos entrevistados.

- Finalmente hai un pequeno grupo (14,6%) de funcionarios docentes ou contratados pola administración autonómica ou polas universidades. Non se poden considerar estritamente educadores/as ambientais senón profesorado que contempla a educación ambiental como unha dimensión transversal na súa práctica profesional. Constitúen un grupo de referencia e de contraste cos colectivos anteriores.

O abano de **actividades que realizan** os entrevistados/as é moi amplo e, entre elas, destacan o deseño, a execución e a avaliación de programas e de actividades de EA, actividades de interpretación do patrimonio, de información ambiental e de deseño e elaboración de materiais educativo ambientais. A variedade de tarefas e funcións mostran o perfil polivalente destes profesionais. Esta apreciación refórzase se consideramos que a gran maioría dos entrevistados/as (70,8%) realiza habitualmente tres ou máis das actividades sinaladas.

O heteroxéneo **nivel de ingresos** está relacionado claramente co tipo de contrato:

- Os emolumentos maiores de 18 000 euros corresponden aos funcionarios e a un pequeno grupo de asalariados das administracións públicas, que, en conxunto, representan o 23% dos entrevistados.
- O nivel intermedio, entre 6 000 e 18 000 euros, corresponde á práctica totalidade do grupo de empresarios e de autónomos (só quedarían catro persoas por debaixo deste nivel) e un grande grupo de asalariados (27 persoas). En conxunto representan case o 44% dos entrevistados.
- O nivel inferior está formado polo resto dos asalariados e dos parados e unha minoría de autónomos. En conxunto representa algo menos dun terzo dos entrevistados.

Á hora de estudar a estabilidade laboral resulta evidente a necesidade de segregar colectivos en función do seu **régime laboral** e do **tipo de contrato**. Así podemos establecer os seguintes tipos:

- Estables: o grupo dos funcionarios a que se poden unir algúns profesionais con contratos laborais ou fixos coa administración.
- Moderadamente estables: o colectivo de empresarios e de autónomos que dependen de si propios para o

mantemento do seu emprego. O 40% leva traballando catro ou máis anos.

- Pouco estables: o grupo de asalariados con contratos fixos. A maioría (o 70%) leva traballando máis de cinco anos ininterrompidamente.
- Inestables: os asalariados con contratos temporais representan as tres cuartas partes dos asalariados. Só cinco persoas deste grupo leva cinco anos ou máis traballando de forma continua.
- Parados: este grupo débese considerar con cautela xa que está formado por persoas que traballan de forma discontinua e que poderían ser incluídos no grupo anterior de cumpriren o cuestionario uns meses antes ou despois. Estes dous últimos constitúen, en realidade, o mesmo grupo.

Un dos datos máis sobresaíntes desta investigación é a constatación de que un número moi importante dos educadores ambientais non se denominan a si propios educadores ou educadoras ambientais. Entre as posibles causas podemos indicar o descoñecemento xeneralizado da existencia dun sector profesional en educación ambiental e o déficit de identidade interno no propio sector. Este “problema de identidade” representa unha ameaza para a profesionalización do sector, polo que parece evidente que habería que afrontar unha decidida promoción interna e externa do colectivo como novo colectivo profesional, cun ámbito de traballo propio e con competencias específicas.

As condicións laborais: tipo de contrato, nivel de ingresos e estabilidade no emprego son un dos principais motivos de insatisfacción que mostran os educadores ambientais de forma reiterada en todos os foros en que se afrontan as cuestións da profesionalización e da calidade das actividades e dos programas de EA. A precariedade laboral e a penuria retributiva ameazan a continuidade de moitos educadores e educadoras ambientais e poden condicionar a calidade da súa práctica profesional.

A definición dun perfil profesional para os educadores e educadoras ambientais é unha cuestión central para o porvir do sector en que debería participar o colectivo a través dun proceso aberto en que se poñan de manifesto as diferentes visións, aspiracións e propostas de futuro. A principal dificultade para o establecemento de tal perfil (ou varios), é o carácter difuso deste campo profesional.

Contraste externo da cualificación profesional “Interpretación e Sensibilización Ambiental”, INCUAL.

O Instituto Nacional das Cualificacións INCUAL, con dependencia funcional do Consello Xeral de Formación Profesional,

traballa desde o ano 2003 con grupos de expertos tecnolóxicos e formativos dos distintos sectores produtivos na identificación e na definición das cualificacións que se van incorporando ao *Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais*, en desenvolvemento da Lei orgánica 5/2002 das cualificacións e da formación profesional.

Este *Catálogo* será a base para as ofertas de formación regulada, ocupacional e continua, así como o referente para avaliar, recoñecer e acreditar as aprendizaxes non formais e informais, incluída a experiencia laboral. As primeiras 97 cualificacións e os seus correspondentes módulos formativos, incorporados ao *Catálogo modular de formación profesional* foron establecidas polo Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro (BOE do 9 de marzo). O 11 de xaneiro incorporáronse 67 cualificacións, na do 8 de marzo, 13 novas cualificacións, e na do 17 de maio, 35 novas cualificacións, despois de que todas elas fosen sometidas á súa consideración a un contraste externo para dar participación ás organizacións implicadas e co fin de mellorar a súa calidade.

De acordo coas *Bases* aprobadas no Consello, as novas propostas de cualificación deben someterse ao contraste externo de organizacións empresariais e sindicais, das administracións (estatal e autonómicas), así como doutras entidades e asociacións profesionais significativas.

O obxectivo deste contraste é analizar en que medida estas propostas se axustan ás necesidades dos sectores de produción de bens e de servizos, así como a súa formación asociada, para identificar as modificacións necesarias e así mellorar a súa calidade, antes da súa aprobación polo Consello Xeral de Formación Profesional e da súa posterior tramitación.

En maio de 2005 o INCUAL ponse en contacto coa SGEA co fin de recoller as achegas da asociación. Envíanse as propostas de cualificacións profesionais (ámbito profesional, unidades de competencia e módulos formativos), un cuestionario en que se poden consignar as observacións e as propostas de modificación así como un documento que explica a natureza das cualificacións, a súa elaboración e os seus principais termos.

O grupo de traballo de Dignificación Profesional da SGEA traballa na análise dos documentos achegados polo INCUAL, redactando unha memoria que é consensuada posteriormente polo conxunto da asociación e presentando as súas conclusións en outubro de 2005.

As achegas ao devandito documento foron moi numerosas, xa que a formulación inicial da cualificación profesional proposta “**Interpretación e Sensibilización Ambiental**” non se correspondía practicamente en nada coa realidade formativa e laboral do sector.

A pesar da complexidade da análise e que para a súa comprensión é necesario coñecer todo o documento, indícanse como resumo as principais observacións feitas pola SGEA:

- O título proposto de INTERPRETACIÓN E SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL non se corresponde co contido formativo. A interpretación practicamente non se menciona e, cando se fai, é de forma confusa. Non obstante, establécense as competencias basicamente dun educador ambiental e esta denominación non aparece no título.

A EA require saber de mecanismos de participación, de procesos de ensino e de aprendizaxe en distintos contextos, do traballo socioeducativo con grupos sociais implicados nos problemas etc. A IP é para o gran público e require outras dinámicas e outros coñecementos. Podería considerarse a IP como unha técnica ou un ámbito de EA, máis que ao revés (a EA un ámbito ou un tema da IP), polo menos así nos recoñecen organismos internacionais como a UNESCO, a UICN, o PNUMA etc., e documentos nacionais como o *Libro Branco* da EA en España ou practicamente todas as estratexias autonómicas de EA.

Opinamos que o nome que se lle dá á cualificación profesional non é adecuado, xa que na descrición do ciclo formativo

non aparece ningún apartado en que se faga referencia ás diferenzas entre educación, interpretación, información e comunicación. Para poder chamarse “interpretación e sensibilización ambiental” tería que ser un ciclo que formase verdadeiros intérpretes do patrimonio. Para ser “interprete”, as unidades de competencia non se poden limitar a aquelas que permitirían “informar sobre o medio e os seus valores”...

Con respecto á interpretación, un/unha monitor/a de educación ambiental desempeña en moitos casos funcións de guía-intérprete a un nivel básico.

Aínda que o bloque de coñecemento e interpretación do patrimonio sería máis específico para unha cualificación profesional con entidade propia de intérprete ambiental (ou para maior precisión guía-intérprete do patrimonio, unha cualificación específica que reivindica, igualmente, o colectivo de profesionais da IP), consideramos que o coñecemento da IP para un educador ambiental ou un monitor de educación ambiental pode ser de suma utilidade e importancia, polo que se suxire unha ampliación do módulo correspondente. A interpretación é, para o EA, en esencia, unha técnica (ou un conxunto de técnicas) que se poden utilizar como un recurso para o desenvolvemento do seu labor profesional.

- Con respecto á familia profesional “**Seguridade e medio ambiente**”, consideramos que non é a familia axeitada, entre outras cousas porque estamos a mesturar delirantemente cualificacións específicas de medio con, por exemplo, todos os corpos do exército ou da seguridade privada.

Aínda que non se formula na enquisa, propomos a separación en dúas familias diferentes, de maneira que, neste caso, se denomine exclusivamente **medio ambiente**.

- En toda a proposta estase a asumir implicitamente que esta figura profesional vai actuar só ou principalmente en “contextos naturais”.

É un sesgo que incide no tópicos naturalista que, a estas alturas, se debería cuestionar por reducionista e eliminarse de todo o proxecto.

- Nivel da cualificación. Establécese o nivel 3, sen dar opción para propor un nivel superior, cando no programa curricular se establecen claramente competencias de niveis 4 e, mesmo, 5.

Formúlanse competencias de “Deseño e desenvolvemento de programas de EA”, cando na descrición dos niveis do propio MEC as devanditas competencias se asocian cun nivel 4.

- Opinamos que se deben eliminar as referencias a guía-intérprete, xa que se trata de realidades profesións concretas e diferenciadas aínda que, sen dúbida, interconectadas en moitos aspectos e moitos educadores e educadoras ambientais teremos que as compaxinar por moi diversos motivos (de feito na EA e na IP utilízanse con frecuencia técnicas similares).

Podería denominarse guía ambiental, para deixar claro que é unha función que pode realizar un monitor de educación ambiental mais sen entrar en conflito coas funcións e coas competencias do intérprete ambiental ou do patrimonio.

Propomos a eliminación de “mediador ambiental” e de “dinamizador de procesos participativos”, por canto consideramos que se trata de actividades de maior complexidade e as súas capacidades escapan ao nivel desta cualificación profesional, agás que se eleve, como xa suxerimos, o nivel ao 4 ou ao 5.

Propomos modificar “monitor de campañas ambientais” por “monitor/a de actividades ambientais”.

- Hai algúns contidos que consideramos “non necesarios”, como todo o relativo a “atención médica e axuda ao accidentado”, que se correspondería cun curso do ámbito sanitario. Un EA

debe ter nocións de primeiros auxilios e de protocolos de actuación en caso de emerxencias, mais non pode nin debe suplir o persoal sanitario, a quen corresponde aplicar os tratamentos.

Pensamos que é excesivo o tempo e os coñecementos destinados a este apartado, que noutras cualificacións profesionais similares non se aplica.

As actividades de educación ambiental non deben ser consideradas no ámbito dos “deportes de risco”, que é o que se deduce implicitamente pola excesiva dedicación prestada á atención a posibles accidentados.

Eliminaríamos tamén os contidos referentes a anatomía e a fisioloxía corporal e o apoio ás técnicas de soporte vital avanzado.

- En xeral pensamos que a dedicación a temas de orientación, de cartografía e de supervivencia é excesiva, en detrimento das técnicas e das normas de comportamento no medio.
- Ao longo de todo o documento inicial consideramos que existe unha confusión ou unha mestura entre os medios de produción, os produtos e os resultados e a información utilizada ou xerada.

Unha vez presentadas as observacións, o INCUAL recoñece o interese das achegas

feitas pola SGEA e por outras asociacións estatais de educación ambiental, e manifesta que as tomará en consideración para desenvolver a cualificación profesional definitiva.

A día de hoxe, e unha vez transcorrido un ano desde a presentación do documento, nin a SGEA nin as demais entidades temos noticia da situación da cualificación.

A única información pública que existe ao respecto achámola na web do INCUAL, en que se acha a seguinte táboa no *Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais*:

Familia profesional. Seguridade e medio ambiente

Cualificacións profesionais publicadas no BOE:

Extinción de incendios e salvamento

Nivel 2

Xestión de residuos urbanos e industriais

Nivel 2

Gardaría rural e marítima

Nivel 2

Operación de estacións de tratamento de augas

Nivel 2

Servizos para o control de pragas

Nivel 2

Vixilancia e seguridade privada

Nivel 2

Control e protección do medio natural

Nivel 3

Prevención de riscos laborais

Nivel 3

Cualificacións profesionais en desenvolvemento:

Labores operativos básicos e de seguridade militar

Nivel 2

Orde e seguridade cidadá

Nivel 2

Prevención de incendios e mantemento

Nivel 2

Control da contaminación atmosférica

Nivel 3

Xestión de procesos para o control de pragas

Nivel 3

Interpretación e sensibilización ambiental

Nivel 3

Estudo da ocupación “educador ambiental”, IMEDES Ecoempleo

En decembro de 2005 a empresa IMEDES (Instituto Mediterráneo polo Desenvolvemento Sustentable) ponse en contacto coa SGEA con motivo dun novo estudo, nesta ocasión encargado polo Ministerio de Traballo, e que ten como finalidade intentar definir “as ocupacións do subsector de **educación ambiental**”.

Esta mesma entidade realizou un estudo similar no ano 2002, en que só se recollía a ocupación de “educador ambiental”. Na proposta actual describíronse toda unha serie de ocupacións máis específicas mais que se poderían englobar nunha única, a de educador ambiental ou monitor ambiental, indicando que esta é unha ocupación polivalente.

O que se pretende co estudo é comprobar se unha análise tan especializada de ocupacións dentro do sector sería necesaria e, sobre todo, se responde á realidade actual.

O documento que nos achegan é bastante inconexo e sen indicacións expresas sobre as achegas que esperan de nós.

Propóñense unha serie de ocupacións que se someten á nosa consideración:

- Educador ambiental
- Monitor ambiental
- Monitor de centro de interpretación de sendeiros da natureza
- Monitor de centro de interpretación medioambiental urbano
- Monitor de aula de natureza permanente
- Orientador ambiental
- Monitor/guía/intérprete do patrimonio nacional
- Monitor/guía/intérprete do patrimonio cultural

- Coordinador de equipos de educación ambiental
- Especialista en infraestructuras ou equipamentos de educación ambiental
- Director xerente de centro de educación ambiental
- Asesor de centros e programas de educación ambiental
- Documentalista de educación ambiental
- Diseñador de materiais de educación ambiental

Debido a que non se nos indica ningún formato específico para os nosos comentarios, na SGEA redáctase unha pequena memoria que se achega íntegra.

Memoria do Estudo de ocupacións de educación ambiental. IMEDES

Un(unha) educador(a) ambiental é un profesional titulado superior ou de grao medio que realiza unha ou varias das actividades que se detallan na listaxe 1 dentro do marco conceptual e metodolóxico establecido pola UNESCO (iniciado en Tblisi e desenvolvido posteriormente ata a formulación marcada na “Estratexia galega de educación ambiental”).

Listaxe 1

- Deseño, execución e avaliación de programas de educación, interpretación

- e sensibilización ambiental e de programas de participación cidadá para o desenvolvemento sustentable
- Deseño e elaboración de materiais educativos ambientais
- Orientación e asesoría sobre programas de educación e interpretación ambiental e programas de participación cidadá para o desenvolvemento sustentable
- Realización de informes técnicos sobre educación e interpretación ambiental e participación cidadá para o desenvolvemento sustentable
- Aplicación de programas de educación e interpretación ambiental
- Realización de actividades de educación ambiental
- Realización de actividades de interpretación do patrimonio
- Dinamización de procesos de participación cidadá para o desenvolvemento sustentable
- Información ambiental

Algúns educadores ambientais tamén realizan outras funcións ou outras actividades que non pertencen ao ámbito estritamente educativo mais que son necesarias para as posibilitar. Estas actividades detállanse na listaxe 2.

Listaxe 2

- Dirección-xerencia de equipamentos de educación ambiental
- Coordinación de equipos de educación ambiental

Unha última listaxe comprende actividades

que, aínda que as realice un/unha EA, son propias dunha empresa e non funcións e labores dos ErAm.

Incluímolo debido á particularidade de que, como moitos ErAm pertencemos a nano-empresas, temos que facer estas tarefas e compaxinalas coas tarefas propias de educación ambiental.

Listaxe 3

- Tarefas administrativas e de xestión relacionadas cos centros onde se desenvolven as actividades de EA como aulas de natureza, centros de interpretación, centros de visitantes e outros equipamentos de EA
- Tarefas administrativas e de xestión relacionadas con empresas e entidades de EA

En consecuencia consideramos que:

- Monitor ambiental, monitor de centro de interpretación, monitor de aula de natureza, monitor de interpretación ambiental etc. non son máis que ocupacións diferentes ou realizadas en diferentes contextos (aínda que moi similares) dun mesmo profesional: o/a educador/a ambiental.
- A coordinación de equipos de EA é unha das ocupacións que pode realizar un educador ambiental.
- Un orientador ambiental é un educador ambiental que realiza (ocasional ou

permanentemente) esta ocupación.

- Un especialista en infraestruturas ou equipamentos é un educador ambiental con formación e experiencia nesas tarefas.
- Un director-xerente de centros de EA é un educador ambiental que realiza tal función.
- Un asesor de centros e programas é un educador ambiental que realiza (ocasional ou permanentemente) esta función.
- Un documentalista de educación ambiental é un educador ambiental que realiza (ocasional ou permanentemente) esta función.
- Un deseñador de materiais de educación ambiental é un educador ambiental que realiza (ocasional ou permanentemente) esta función.

Para concluírmos, debemos facer constar que tampouco recibimos, a día de hoxe, ningunha información sobre os resultados das achegas feitas pola SGEA a este estudo.

Situación actual

Entre as reunións e os grupos de traballo dedicados a estes tres estudos e os encontros das asociacións estatais de EA, levamos varios anos debatendo e

divagando sobre o tema, sen conseguirmos desenvolver unhas propostas concretas e organizadas que desemboquen no recoñecemento profesional das e dos educadores ambientais.

Cando entramos en debate e afondamos un pouco en diferentes cuestións aparecen as primeiras discrepancias e decatámonos de que non existe un auténtico consenso entre nós.

Estas discrepancias débense, en boa medida, a que desenvolvemos o noso traballo en ámbitos moi diversos (administración, empresas, ONGs, sistema educativo...). Tamén son moi diversos os nosos destinatarios e destinatarias. Temos experiencias e formacións diversas, exercemos multitude de funcións e de competencias, temos diferentes condicións laborais (contratos e salarios) e o recoñecemento persoal, social e laboral é desigual.

Semella unha incongruencia mais, a pesar das nosas marcadas diferenzas, temos un consenso canto a cuestións moi importantes para o desenvolvemento do noso traballo:

- As e os educadores ambientais teñen un currículo profesional heteroxéneo e multidisciplinario, construímos o noso propio itinerario vital a través da experiencia e da formación permanente.
- A pesar desta orixe tan heteroxénea, non

existe unha formación clara e específica para o sector. Non hai un deseño curricular concreto e definitorio.

- As nosas mellores credenciais continúan a ser a nosa experiencia e a nosa formación práctica, ademais do noso compromiso para facer do noso traballo a nosa forma de vida.

Neste punto, e despois do recente **7º Encontro de Asociacións de EA** realizado entre o 10 e o 12 de novembro de 2006 en Valencia, co título “A profesionalización do educador ambiental” como eixe de traballo, as e os educadores ambientais queren darlle un impulso definitivo á regularización da nosa situación laboral e profesional, unha vez que comprobamos sobradamente que por parte das diferentes administracións non podemos esperar iniciativas neste sentido.

As propostas de traballo no Encontro de Valencia articuláronse en base a dous grupos de discusión:

- Competencias profesionais do educador ambiental:
 - Que debe ser, que debe saber e que debe facer o educador ambiental do século XXI?
 - Nova licenciatura - educador socio ambiental
- Recoñecemento socio laboral do educador ambiental
 - O caso dos colexios profesionais de educación social

- O marco laboral do educador ambiental

Estes grupos de traballo contaron coa participación de persoas alleas ao mundo da EA, mais que achegaron a súa experiencia en situacións similares á nosa:

- Profesores da Facultade de Ciencias da Educación, para analizarmos a viabilidade e a posibilidade dunha titulación en Educación Ambiental
- Educadores sociais, que pasaron por un proceso similar ao dos educadores ambientais con 10 anos de antelación
- Sindicatos UXT e CCOO, que achegaron a súa visión sobre os convenios colectivos

O desenvolvemento das diferentes sesións deixa patentes algunhas consideracións xa definidas con anterioridade noutros seminarios, xornadas, congresos e grupos de traballo:

- Falta de recoñecemento profesional dos educadores ambientais
- Confusión social sobre a figura dos educadores ambientais, unha visión parcial e incompleta que identifica o noso traballo sobre todo coas actividades con escolares e coas actividades na natureza
- Heteroxeneidade do currículo formativo dos educadores ambientais
- Heteroxeneidade de ámbitos de traballo,

destinatarios, condicións laborais, funcións e competencias

- Temporalidade dos programas e falta de continuidade nos proxectos de EA
- Indefinición de perfís profesionais, que se traduce en ausencia de categorías profesionais
- Sen categorías profesionais claras créase un baleiro sobre a asignación dos soldos
- Unha asignación salarial non regulada xera unha precariedade laboral, ao amparo dos principios éticos de quen nos contrata
- A precariedade laboral é responsable, en moitas ocasións, da “provisionalidade” desta profesión, así como da gran mobilidade
- A provisionalidade impide acumular experiencia e esta é unha variable importante na evolución dos perfís profesionais
- Sen esa evolución dos perfís é complicado camiñar cara á profesionalización

Ademais destas reflexións, que xa analizamos en multitude de ocasións, nesta ocasión formulámonos “un paso máis”. Coa información achegada polas persoas que nos acompañaron neste encontro e co debate das e dos representantes das diferentes asociacións de EA, estableceuse tres instrumentos para afianzar e definir a profesión:

- Formación regulada
- Colexios profesionais
- Convenio colectivo

A. Formación regulada. Titulación

Ante a situación de indefinición profesional e de baleiro normativo, a saída maioritaria dos educadores e das educadoras ambientais consistiu en que cada quen construíu o seu propio perfil profesional e a súa propia traxectoria formativa, renunciando a loitar polos dereitos colectivos. Isto debilítanos como grupo e tamén nos deixa a vontade dos caprichos do mercado e das administracións.

A discusión sobre a aceptación ou o rexeitamento dunha titulación específica é unha constante no ámbito da EA. Hai multitude de opinións en ambos os sentidos, mais cada vez máis se acepta e se demanda a necesidade dunha titulación.

Na actualidade, e de acordo coa Declaración de Boloña, no Ministerio de Educación estanse a reformular as titulacións existentes e futuras, a diferenciación en graos e en posgraos e a adaptación ás titulacións europeas a través dos programas de converxencia.

Nos primeiros borradores elaborados referentes ás especialidades educativas, recollíase a EA como un ámbito común á Pedagogía e á Educación Social:

- **Ámbitos profesionais de Pedagogía:** deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de educación ambiental; deseño e adaptación de materiais e de recursos didácticos para a educación

ambiental (xogos de simulación, guías de itinerarios e rutas de interpretación do medio, obradoiros, exposicións, cartelaría e sinalización ambiental...); dirección de centros de educación ambiental: aulas de natureza, granxas escola, escolas de educación ambiental...

- **Ámbitos profesionais de Educación Social:** educación ambiental, educación para o consumo, educación viaria, actividades ao aire libre...

Nun borrador posterior achamos unha proposta en que a EA aparece moi brevemente dentro dun dos bloques formativos na titulación de Educación Social, que corresponde a “outros ámbitos non formais”, xunto coa pedagogía hospitalaria ou a museística. Neste caso o bloque completo tería un conxunto de 6 créditos europeos, o que suporía como máximo unhas 50 horas de formación relacionadas coa EA.

Unha nova opción formulada polo Ministerio de Educación abre a posibilidade de que as universidades decidan o que queren impartir, desde o nome da titulación ao contido dos graos. Desta forma, algunha universidade podería impartir a titulación de EA, mais este feito quedaría suxeito á decisión de cada unha e non a unha regulación educativa a nivel estatal.

O establecemento do sistema definitivo de titulacións é algo que aínda se retrasará

uns anos, aínda que debería de estar concretado no ano 2010 como data límite.

A formación regulada non ten por que se referir exclusivamente a unha titulación superior, senón que cabe a posibilidade de acceder á regulación formativa da EA a través do sistema de cualificacións profesionais.

O *Catálogo nacional de cualificacións profesionais* xorde a partir da Lei orgánica 5/2002 co fin de facilitar a libre circulación de traballadores e a unidade do mercado laboral en todo o país. Entre as súas funcións e os seus obxectivos destacan os seguintes:

- Adecuar a formación profesional ás demandas do sistema produtivo
- Integrar os distintos sistemas de formación dos profesionais
- Promover a formación dos traballadores ao longo de toda a súa vida
- Identificar, definir e ordenar as cualificacións profesionais e establecer os seus correspondentes contidos formativos
- Determinar as ofertas formativas que conducen á obtención de títulos de formación profesional e de certificados de profesionalidade
- Avaliar, recoñecer e acreditar as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional ou de vías non formais de formación
- Facilitar a información e a orientación profesional e os procesos de avaliación

e de mellora da calidade do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional e para establecer ofertas formativas adaptadas a colectivos con necesidades específicas.

As cualificacións profesionais que integran o CNCP e que se asocian a unha serie de módulos formativos, ordenaranse por niveis de cualificación e por familias profesionais. A cualificación é definida como “*un conxunto de competencias profesionais (coñecementos e capacidades) válidas para o exercicio dunha actividade laboral, que poden adquirirse a través da formación ou da experiencia profesional*”.

O Instituto Nacional de Cualificacións, que leva traballando varios anos na definición do *Catálogo*, estima que terá rematados os traballos para decembro do 2006. Por outro lado, desde a Dirección Xeral de Formación Profesional recolléronse unha serie de normas (centros integrados, procedemento para o recoñecemento, avaliación e certificación de competencia...) que tratarán de regular as materias que establece a Lei anteriormente citada.

Aínda que no momento de escribir estas liñas aínda se descoñecen as achegas presentadas en materia de EA ao Sistema Nacional de Cualificacións, é bastante probable que se teñan noticias neste sentido nun curto espazo de tempo, xa que os prazos establecidos para iso están a punto de concluír.

Por outro lado, desde as asociacións de educación ambiental fórmase a necesidade da creación dalgún tipo de certificación ou de homologación para as persoas que están a traballar nestes momentos e que carecen de titulación específica, e como recoñecemento dunha extensa e demostrable traxectoria profesional na maioría dos casos.

Esta certificación poderíase levar a cabo a través da habilitación profesional ou da certificación profesional, segundo se aplique esta certificación a titulacións superiores ou a cualificacións profesionais.

Unha tarefa pendente dos educadores e das educadoras ambientais é promover e difundir quer á sociedade en xeral quer a nivel administrativo, as peculiaridades e as particularidades da educación ambiental e a súa diferenciación doutras profesións, coa finalidade de conseguirmos unha formación específica nesta área.

B. Colexios profesionais

En todo este proceso de construción da figura profesional do EA é necesario configurar espazos dentro dos cales se recoñeza a función, as competencias e a identidade común das e dos educadores ambientais.

A constitución dun colexio profesional de EA está condicionada á existencia dunha titulación, aínda que existe a posibilidade de adhesión a un colexio xa existente, de

actividade profesional relacionada coa EA e con ámbitos de competencia comúns, e de crear un grupo de traballo dentro del.

No debate xurdido arredor desta cuestión, fórmase dúbidas sobre esta conveniencia xa que, se ben se lograría o recoñecemento profesional, perderíase a identidade propia como educadores e educadoras ambientais, ao quedar supeditada a EA á titulación de referencia do devandito colexio.

Independentemente da posibilidade ou non de creación dun colexio profesional de EA, as asociacións de EA establecen a importancia de definir un código ético ou código deontolóxico da profesión.

Este código deontolóxico entenderíase como un conxunto de principios e de normas que orientan a acción e a conduta profesional, que axudan ao educador e á educadora ambiental no exercicio da súa profesión e que melloran a calidade do traballo que se ofrece.

Este código reuniría unha serie de compromisos que se asumirían quer por parte das e dos educadores ambientais, quer por parte das empresas. Nel incluíriáanse cuestións de obrigado cumprimento para as persoas que o subscribisen, como a contratación, uns soldos dignos, a seguridade social, os seguros, as boas prácticas etc.

C. Sindicatos. Convenio colectivo

Con respecto ao marco laboral, as asociacións de EA fórmulanse como unha parte importante da regulación profesional a necesidade de traballar na elaboración dun convenio laboral específico.

Na actualidade temos como marco de referencia tres convenios que se poden aplicar de inmediato a calquera contratación de EA.

A nivel estatal existe o *Convenio de ensino non regulado*, e a nivel autonómico os *convenios do menor e xuventude* (Valencia) ou *de lecer e tempo libre* (Cataluña).

Ningún destes convenios reflicte con exactitude a realidade do traballo en EA, mais aseméllanse bastante ao que debería ser un convenio específico e poden servir como borrador de referencia para a súa redacción.

Para a creación dun convenio propio non é necesario o establecemento previo dunha titulación, unicamente se require un consenso entre os representantes sindicados dos traballadores elixidos por votación democrática e a patronal do sector, constituída como tal.

Parece relativamente sinxela a creación dun convenio de aplicación para a EA, mais se volvemos ao comezo deste relatorio e se formulamos a problemática económica que condiciona o noso traballo, se

adoptamos un convenio colectivo antes de que se estableza unha regulación “oficial” e, por tanto, vinculante para as distintas administracións do sector, as pequenas empresas de EA, que constitúen unha grande parte do ámbito laboral, pódense autocondenar.

É inviable a adopción dun convenio colectivo sen o aumento dos orzamentos destinados á EA e sen o compromiso de regulación e de equiparación con calquera outra profesión por parte das administracións.

Conclusiones

A maior parte do traballo en EA corresponde ao que xeran as administracións públicas, ás que o colectivo das e dos educadores ambientais demanda a ampliación dos orzamentos que lles achegan, non como unha cuestión de mercadotecnia e propaganda (ou encubrimento) de políticas concretas, senón como unha inversión máis para a xestión ambiental. Estes orzamentos deben reverter, na súa maior parte, en recursos humanos e non en macroproxectos publicitarios ou na creación de infraestruturas non sempre xustificadas nin axeitadamente dimensionadas.

De igual forma esta ampliación orzamentaria debe ir acompañada de

contratos plurianuais, dunha continuidade dos proxectos, dun compromiso de pagamentos mensuais, de concursos públicos con puntuacións que prioricen a calidade do proxecto e os seus equipos e non as baixas sobre o orzamento etc.

Por último, os educadores e as educadoras ambientais pedimos o compromiso de todo o colectivo da EA nos seus diferentes ámbitos para reivindicar a educación ambiental como unha especialidade profesional con entidade propia, para defender a necesidade dunha formación regulada, para impulsar programas de educación ambiental de calidade realizados por educadores e educadoras ambientais profesionais e para promover orzamentos axeitados e suficientes para garantir a calidade e a estabilidade dos proxectos e das condicións laborais dos educadores e das educadoras ambientais

O recoñecemento profesional ten que ser un medio e non un fin en si propio. Será útil para mellorar a nosa tarefa e para que poidamos contribuír máis eficazmente a sensibilizar, a concienciar, a capacitar e a actuar a favor dos cambios necesarios.

A profesionalización e o seu recoñecemento poden ser remedios eficaces contra a precariedade laboral, ao xerar expectativas de inserción laboral e traballo estable e xustamente remunerado. Pode tamén espertar e alentar vocación,

dar continuidade ao noso traballo, equipararnos con outros profesionais e dignificar a profesión.

A profesionalización non será a panacea, non resolverá por si propia, se non vai acompañada doutros instrumentos e de cambios estruturais, a precariedade laboral que nos afecta globalmente, mais si, polo menos, nos dotará dunha ferramenta que nos situará nas mesmas condicións que os demais profesionais.

Bibliografía

- AXENCIA NACIONAL DE AVALIACIÓN DA CALIDADE E ACREDITACIÓN (2005): *Libro Blanco: Título de Grado en Pedagogía y Educación Social*, Volume 1. http://www.aneca.es/modal_eval/docs/libroblanco_pedagogia1_0305.pdf
- AXENCIA NACIONAL DE AVALIACIÓN DA CALIDADE E ACREDITACIÓN (2005): *Libro Blanco: Título de Grado en Pedagogía y Educación Social*, Volume 2. http://www.aneca.es/modal_eval/docs/libroblanco_pedagogia2_0305.pdf
- BALLESTER, M.A. (2005): "Hacia la Profesionalización de los Educadores Ambientales". VI Encuentro de Asociaciones de Educación Ambiental. Mallorca, novembro 2005. <http://www.sbeamallorca.org/documents/ponencia.pdf>
- BENAVENTE, E. (2004): *Educadores Ambientales: Profesionales sin Especialidad o Especialistas sin Profesión*. Actas del I Congreso de Educación Ambiental en Castilla y León, 14-16 outubro de 2004, páxs. 115-120.
- CALVO, S. (2003): *La institucionalización de la Educación Ambiental y la profesionalización de los educadores ambientales: Un estudio de caso en la administración ambiental española*. Proxecto de investigación do Doutoramento Interuniversitario de Educación Ambiental.
- Declaración conxunta dos catro ministros representantes de Francia, Alemaña, Italia e no Reino Unido (1998). *A harmonización do deseño do Sistema de Educación Superior Europeo*. A Sorbona, París, 25 de maio de 1998.

- Declaración conxunta dos ministros europeos de educación (1999): *O Espazo Europeo do Ensino Superior*. Boloña. 19 de xuño de 1999.
- GUTIÉRREZ-ROGER, X. (2005): "O Perfil Socioprofesional dos Educadores e Educadoras Ambientais en Galicia". Tralado de investigación tutelado do Doutoramento Interuniversitario en Educación Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela Departamento de Teoría e Historia da Educación. http://www.sgea.org/perfil_socioprofesional.pdf
- INSTITUTO MEDITERRÁNEO POLO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE (IMEDES): "Las ocupaciones en el subsector Educación Ambiental. El empleo medioambiental en España". <http://www.ecoempleo.com/downloads/empleoambiental/spain/1/10educa.pdf>
- INSTITUTO MEDITERRÁNEO POLO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE (IMEDES): "La guía de ocupaciones medioambientales". <http://www.ecoempleo.com/modules.php?name=Content&pa=showpage&pid=121>
- INSTITUTO NACIONAL DAS CUALIFICACIÓN (INCUAL) (2005): "Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais". http://www.mec.es/educa/incual/ice_catalogoWeb.html
- JIMÉNEZ GONZÁLEZ, J. M. (2005): "De las Formaciones Profesionales a la Formación profesional: La integración de subsistemas", en IV Congreso de Formación para el Trabajo, Zaragoza, 9-11 novembro de 2005, páxs. 173-183.
- Lei 1/1990 (1990): Lei de ordenación xeral do sistema educativo. Boletín Oficial do Estado, 4 de outubro.
- Lei 5/2002 (2002): Lei de cualificacións e da formación profesional. Boletín Oficial do Estado, 19 de xuño.
- LÓPEZ LACALLE, I. (2005): "El dispositivo de Reconocimiento de la Competencia del País Vasco", en IV Congreso de Formación para el Trabajo, Zaragoza, 9-11 novembro de 2005, páxs. 243-250.
- MARDONES ALONSO, J. (2005): "La integración de Subsistemas de Formación Profesional: una visión desde el País Vasco", en IV Congreso de Formación para el Trabajo, Zaragoza, 9-11 novembro de 2005, páxs. 195-201.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN CULTURA E DEPORTE (2003): *Documento Marco: La Integración del Sistema Universitario Español en el Espacio Europeo de Enseñanza Superior*.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA (2006). *La Organización de las Enseñanzas Universitarias en España. Documento de trabajo*. Setembro de 2006. http://www.usc.es/estaticos/destacados/proposta_MEC_set06.pdf
- MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE (1999): *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. Madrid.
- MORALES LOZANO, J. A. (2005): "De los Subsistemas de Formación a los Centros Integrados", en IV Congreso de Formación para el Trabajo, Zaragoza, 9-11 novembro de 2005, páxs. 203-230.
- Real Decreto 1046/2003 (2003): regula o subsistema de formación profesional continua. Boletín Oficial do Estado, 12 de setembro.
- Real Decreto 1125/2003 (2003): establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo el territorio nacional, 18 de setembro.
- Real Decreto 1128/2003 (2003): *Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais*. Boletín Oficial do Estado, 5 de setembro.
- Real Decreto 1506/2003 (2003): establece as directrices dos certificados de profesionalidade. Boletín Oficial do Estado, 18 de decembro.
- Real Decreto 55/2005 (2005): establece a estrutura do ensino universitario e regula os estudos universitarios oficiais de grao. Boletín Oficial do Estado, 25 de xaneiro.
- Real Decreto 56/2005 (2005): regula os estudos universitarios oficiais de posgrao. Boletín Oficial do Estado, 25 de xaneiro.
- Resolución (2004): dispón a inscrición no rexistro e a publicación do V Convenio colectivo de ensino e formación non regulada. Dirección Xeral de Trabajo, 13 de febreiro 2004.
- RIAL SÁNCHEZ, A (2005): "La integración de Subsistemas Formativos: el estado de la cuestión", en IV Congreso de Formación para el Trabajo, Zaragoza, 9-11 novembro de 2005, páxs. 185-194
- RUIZ BUENO, C. (2005): "La Certificación Profesional: Algunas reflexiones y cuestiones a debate", en IV Congreso de Formación para el Trabajo, Zaragoza, 9-11 novembro de 2005, páxs. 233-241.
- Universidade de Santiago de Compostela. "Espazo Europeo de Educación Superior". <http://www.usc.es/ees/>
- XUNTA DE GALICIA (2000): *Estratexia Galega de Educación Ambiental*. Consellaría de Medio Ambiente. Santiago de Compostela.



Mindelo
Ilha de San Vicente-Cabo Verde

© Xacobe Meléndrez